

Dinamismo do tecido produtivo

3.1.- Demografía empresarial

3.2.- Estrutura produtiva

3.3.- Sector exterior



3.1.- Demografía empresarial

■ ■ Por primeira vez dende que comezou a crise económica no ano 2008, o número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social experimenta, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, un lixeiro incremento, acabando o ano con 80.300 empresas, un 0,2% máis que no ano anterior (0,8% no conxunto do Estado). No que atinxe aos traballadores autónomos, axentes fundamentais na estrutura empresarial galega, no ano 2013 rexístrase unha medra do 0,4% (sete décimas menos que no total estatal), situándose en 144.135 traballadores, o 7,4% do total estatal.

O dinamismo empresarial presenta unha tendencia dispar. Dunha banda, por primeira vez dende o ano 2009 descende o número de sociedades mercantís creadas en Galicia en relación ao ano anterior, presentando unha taxa de variación anual negativa do 0,2% (medra un 0,8% en España). Doutra banda, por primeira vez dende o comezo da crise descende o número de sociedades disoltas, sendo esta redución superior ao 21%, máis de nove

puntos porcentuais por riba do rexistrado no conxunto do Estado.

Neste ámbito, cómpre resaltar as leis estatais 17/2014, de 30 de setembro, pola que se adoptan medidas urxentes en materia de refinanciamento e reestruturación de débeda empresarial, e a lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

A devandita lei 17/2014 indica que unha vez realizada a reestruturación do sector financeiro e saneados os balances bancarios, as entidades de crédito e os demais acredores financeiros poden e deben contribuír ao saneamento das empresas que, a pesar do seu elevado endebedamento, seguen a ser produtivas. Para iso, a reforma céntrase na mellora do marco legal preconcursal dos acordos de refinanciamento.

A lei 18/2014, de 15 de outubro, no marco do seu eixe de mellora ao acceso ao financiamento, entre as súas medidas inclúe a



Empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2011-2014 ⁽¹⁾

	Galicia	España	Galicia / España	Galicia	España
	Total		(%)	(taxa de variación interanual)	
2011	84.808	1.292.153	6,6		
2012	81.616	1.248.381	6,5	-3,8	-3,4
2013	80.118	1.246.167	6,4	-1,8	-0,2
2014	80.300	1.255.613	6,4	0,2	0,8
2014					
Xaneiro	78.751	1.231.800	6,4	-1,5	0,8
Febreiro	78.821	1.231.675	6,4	-1,3	0,9
Marzo	79.116	1.231.027	6,4	-1,2	0,4
Abril	79.531	1.240.648	6,4	-0,4	0,8
Maio	80.367	1.255.790	6,4	0,4	1,3
Xuño	80.758	1.251.196	6,5	-0,2	0,2
Xullo	81.887	1.246.381	6,6	0,2	0,7
Agosto	82.072	1.243.663	6,6	0,2	0,8
Setembro	80.805	1.245.245	6,5	0,1	0,7
Outubro	80.861	1.241.587	6,5	0,3	1,2
Novembro	80.747	1.254.833	6,4	0,1	1,4
Decembro	80.300	1.255.613	6,4	0,2	0,8

(1) empresas con traballadores inscritas o último día de cada período;
unha mesma empresa pode ter centros de traballo en varias provincias, polo que a suma dos totais provinciais non ten porque coincidir co total da C.A.

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Empresas inscritas en la Seguridad Social*

3.1.1.

articulación dun Programa de garantías do ICO para favorecer o financiamento e a internacionalización da pequena e mediana empresa española.

Empresas inscritas na Seguridade Social

O número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia a 31 de decembro de 2014 ascendeu ata as 80.300 empresas, manténdose o seu peso relativo no total estatal no 6,4%. En relación á mesma data do ano anterior, rexístrase unha medra do 0,2% –seis décimas menos que no conxunto do Estado– que racha a tendencia descendente iniciada no ano 2009.

Ao longo do último ano, mentres que o conxunto de España presenta taxas de crecemento positivas nos doce meses, Galicia presenta un incremento continuado a partir do mes de xullo, descendendo no primeiro trimestre do ano a un ritmo medio superior ao 1,2%. Como reflicte o **cadro 3.1.2.**, e ao igual que no ano anterior, a Comunidade Autónoma rexistra unha evolución peor que no Estado.


A provincia de A Coruña foi a única que mantivo un descenso do número de empresas inscritas, cunha redución do -0,1% respecto ao mesmo período do ano anterior. Por contra, o maior incremento rexístrase na provincia de Pontevedra, cun 0,6%, seguida de Lugo, cun 0,5%, e Ourense onde o número de empresas inscritas mantívose practicamente igual. Tras esta evolución, A Coruña segue rexistrando o maior número de empresas con 33.205, aproximadamente o 41% do total galego, en tanto que Pontevedra ten 29.228 empresas inscritas, o 36%.

A evolución do número de empresas entre os anos 2013 e 2014 foi desigual a nivel sectorial. Dunha banda, o número de empresas con traballadores inscritas en Galicia na Seguridade Social aumenta no sector servizos e nas actividades primarias (0,4% e 2,2%, respectivamente). Doutra, os sectores da construción e da industria rexistran na Comunidade Autónoma unha redución do -1,2% e -0,8%. No conxunto do Estado o número de empresas descende tan só no caso do sector primario (-4,9%), experi-





Empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2014: evolución mensual



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Empresas inscritas en la Seguridad Social*

3.1.2.

Empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2013-14: distribución sectorial e segundo titularidade

	Galicia			España		
	2013	2014	'14/'13 (%)	2013	2014	'14/'13 (%)
Total	80.118	80.300	0,2	1.246.167	1.255.613	0,8
Primario	5.182	5.295	2,2	107.283	102.030	-4,9
Industria	7.425	7.365	-0,8	107.158	107.195	0,0
Construción	8.160	8.065	-1,2	104.175	105.103	0,9
Servizos	59.351	59.575	0,4	927.551	941.285	1,5
Total	80.118	80.300	0,2	1.246.167	1.255.613	0,8
Persoa física	32.551	32.517	-0,1	476.936	475.003	-0,4
Persoa xurídica	47.567	47.783	0,5	769.231	780.610	1,5

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Empresas inscritas en la Seguridad Social*

3.1.3.

mentándose a medra máis acusada no sector servizos, cun 1,5%.

No que atinxe ao tipo de empresas, do **cadro 3.1.3.** dedúcese que se mantén a distribución entre persoas físicas e xurídicas, de xeito que case seis de cada dez empresas corresponden a persoas xurídicas (59,5%) e as restantes catro da cada dez son persoas físicas (40,5%). En España as persoas xurídicas supoñen o 62,2% e as persoas físicas, o 37,8% restante.

● Perfil do traballador autónomo

Un elemento fundamental do tecido empre-

sarial, tanto en Galicia como no conxunto de España, son os traballadores integrados no réxime especial de traballadores autónomos da Seguridade Social. A 31 de decembro de 2014 había en Galicia un total de 227.717 afiliados por conta propia na Seguridade Social (218.115 no réxime especial de traballadores autónomos), dos que 144.135 persoas son "autónomos propiamente ditos", é dicir, non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias, tampouco son colaboradores familiares nin están rexistrados como parte dalgún colectivo especial de traballadores. A diferenza do acontecido no ano anterior, en 2014 rexístrase unha medra



Traballadores autónomos en Galicia e España 2014: principais características ⁽¹⁾

	2014			14/13	
	Galicia	España	Galicia / España (%)	Galicia (%)	España (%)
Total	144.135	1.945.548	7,4	0,4	1,1
sector de actividade					
agricultura	35.420	237.939	14,9	-4,5	-1,5
industria	6.476	88.464	7,3	-0,9	-2,9
construción	16.321	202.852	8,0	4,6	2,3
servizos	85.918	1.416.293	6,1	2,0	1,7
situación profesional					
sen asalariados	116.351	1.547.071	7,5	0,5	1,4
con asalariados	27.784	398.477	7,0	0,0	0,1
sen pluriactividade	138.009	1.847.921	7,5	-0,1	0,5
con pluriactividade	6.126	97.627	6,3	13,0	14,8
sexo					
homes	82.182	1.274.753	6,4	0,9	0,3
mulleres	61.953	670.795	9,2	-0,1	2,8
idade					
< 25 anos	2.037	39.612	5,1	2,7	4,3
25-39 anos	36.277	548.641	6,6	2,8	1,9
40-54 anos	63.182	876.312	7,2	0,3	0,6
55 ou máis anos	42.639	480.983	8,9	-1,4	0,9
nacionalidade					
españóis	140.761	1.790.101	7,9	0,4	0,6
estranxeiros	3.374	155.447	2,2	4,0	7,5
antigüidade no negocio					
< 6 meses	9.373	166.943	5,6	8,4	3,9
6-11 meses	9.700	154.658	6,3	18,6	17,7
1-3 anos	21.074	327.139	6,4	10,4	12,8
3-5 anos	12.481	181.876	6,9	9,8	7,3
5 ou máis anos	91.507	1.114.932	8,2	-4,9	-4,9
base de cotización					
mínima	113.498	1.678.818	6,8	1,4	1,9
entre mínima e 1,5 veces mínima	13.602	86.767	15,7	-5,1	1,2
1,5-2 veces mínima	9.313	63.604	14,6	-0,7	-3,9
2-3 veces mínima	6.963	99.045	7,0	-2,0	-6,6
máis de 3 veces mínima	759	17.314	4,4	-1,6	-3,4

(1) datos a 31 de decembro

(2) aos efectos deste réxime, entenderase por traballador por conta propia ou autónomo aquel que realiza de xeito habitual, persoal e directo unha actividade económica a título lucrativo, sen suxeición por ela a contrato de traballo, aínda que utilice o servizo remunerado doutras persoas, sexa ou non titular da empresa individual ou familiar.

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

3.1.4.

do 0,4%, sete décimas menos que no conxunto do España, polo que o seu peso relativo descende ata o 7,4% do total estatal de autónomos propiamente ditos.

O perfil maioritario destes empresarios autónomos en Galicia segue sendo o dunha persoa que traballa no sector servizos, sen asalariados ao seu cargo, cunha soa actividade, varón cunha idade comprendida entre 40 e 54 anos, de nacionalidade española, con cinco ou máis anos no seu nego-

cio, e que cotiza pola base mínima de cotización.

En comparación co perfil medio no conxunto do Estado, cómpre salientar tanto a elevada presenza dos autónomos galegos no sector agrícola, que representan o 14,9% do total estatal neste sector, como o maior peso das mulleres (9,2%) e a presenza de maiores de 55 anos (8,9%). Asemade, cómpre mencionar que aqueles autónomos que teñen unha base de cotiza-





Sociedades mercantís creadas, que amplían capital e disoltas en Galicia e España 2014

	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Sociedades	4.266	1.669	435	406	1.756	94.152
Anónimas	14	3	3	-	8	709
Limitadas	4.252	1.666	432	406	1.748	93.434
Amplían capital	1.696	690	192	172	642	32.789
Anónimas	94	36	5	10	43	2.516
Limitadas	1.602	654	187	162	599	30.273
Disoltas	1.528	600	171	133	624	21.850
Voluntaria	1.132	488	124	99	421	14.869
Por fusión	86	31	12	9	34	1.857
Outras	310	81	35	25	169	5.124

Capital suscrito

(en miles de euros)

Sociedades	238.306	121.889	18.463	19.887	78.067	7.404.600
Anónimas	57.999	56.594	305	-	1.100	1.884.776
Limitadas	180.307	65.295	18.158	19.887	76.967	5.519.133

Capital desembolsado

(en miles de euros)

Sociedades	237.646	121.889	18.418	19.887	77.452	7.329.982
Anónimas	57.339	56.594	260	-	485	1.810.155
Limitadas	180.307	65.295	18.158	19.887	76.967	5.519.133

Capital desembolsado

(en miles de euros)

Sociedades	787.370	459.572	64.525	70.290	192.983	42.797.161
Anónimas	206.521	165.155	858	6.591	33.917	23.600.422
Limitadas	580.849	294.417	63.667	63.699	159.066	19.196.739

Fonte: INE, *Estadística de Sociedades Mercantiles*

■ 3.1.5.

ción entre a mínima e 1,5 veces a mínima e entre dúas e tres veces, supoñen o 15,7% e 14,6% do total estatal. Por contra, os autónomos de nacionalidade estranxeira tan só representan o 2,2% dos autónomos estranxeiros en España, e os cotizantes por unha base de cotización de máis de tres veces a base mínima, o 4,4%.

Dinámica empresarial

O número de sociedades mercantís inscritas no Rexistro Mercantil, independentemente da data na que comezan a realizar as operacións comerciais, tras catro anos consecutivos de crecemento, descende no ano 2014 un 0,2% respecto ao ano anterior, acadando as 4.266 empresas (4.252 son sociedades limitadas). Por contra, no conxunto do Estado o número de sociedades constituídas medra un 0,8%, de xeito que o peso relativo


das empresas creadas en Galicia no total estatal cae ata o 4,5%, porcentaxe 7 décimas inferior á importancia relativa do PIB xerado.

Na provincia de Pontevedra constituíronse un total de 1.756 empresas e na de A Coruña, 1.669 sociedades mercantís, o que supón que máis do 80% das sociedades constituídas se concentran nestas dúas provincias. Os datos do Rexistro Mercantil reflicten que A Coruña foi a provincia co maior descenso no número de sociedades constituídas, con 134 empresas menos que en 2013, seguida de Lugo, con dous sociedades menos. Pola contra, nas provincias de Pontevedra e Ourense constitúense 114 e 12 sociedades máis que no ano precedente, respectivamente.

Se se considera a relación entre o número



Sociedades mercantís constituídas e disoltas en Galicia e España 2006-14



Fonte: INE, *Estadística de Sociedades Mercantiles*

3.1.6.

de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes como indicador da taxa de creación de empresas, Galicia creou no último ano 15,5 sociedades por cada dez mil habitantes fronte ás 20,2 sociedades mercantís no conxunto do Estado.

Pontevedra continúa presentando a taxa de creación de empresas máis elevada das catro provincias galegas, con 18,5 sociedades creadas por cada 10.000 habitantes, por debaixo da media española (20,2). No extremo oposto, Lugo e Ourense, cunha creación de 12,7 e 12,6 empresas por cada 10.000 habitantes, respectivamente, seguen sendo as que teñen o índice de creación máis reducido. En relación ao ano

anterior, A Coruña foi a única que rexistrou en 2014 unha redución desta taxa, que se sitúa en 14,7 sociedades por cada 10.000 habitantes.


O capital subscrito polas sociedades mercantís creadas en Galicia situouse no ano 2014 nos 238,3 millóns de euros, o que significou un descenso do 3,1% en relación ao ano anterior. Tendo en conta a medra experimentada no conxunto do Estado (10,1%), o peso relativo do capital subscrito por estas sociedades en Galicia no total estatal, pasa do 3,7% no ano 2013 ao 3% no ano 2014. O devandito descenso ven motivado pola redución experimentada nas provincias de Pontevedra e Ourense, con 46,9 e 18,7 mi-






Índice de rotación empresarial en Galicia e España 2009-14 ⁽¹⁾

Taxa de creación de empresas ⁽¹⁾



Índice de rotación empresarial ⁽²⁾



(1) Taxa de creación de empresas: Sociedades mercantís constituídas por cada 10.000 habitantes

(2) Índice de rotación empresarial: cociente entre o número de disolucións de empresas fronte ao de novas constituicións

Fonte: INE, *Estadística de Sociedades Mercantís*

■ 3.1.7.

Ilóns de euros menos, respectivamente, que supera á medra de case 55 millóns de euros (781,4%) en A Coruña e de 3,2 millóns (21,3%) en Lugo.

Por outra banda, no ano 2014 o número de empresas que ampliaron capital descende tanto en Galicia como en España. Tras unha caída do 3,1% na comunidade autónoma (5,4% no conxunto do Estado) no último ano rexistráronse 1.696 ampliacións, o 5,2% do total estatal. A diferenza do acontecido no ano anterior, o capital subscrito nas ampliacións rexistrou un descenso do 77,3%, fronte ao -43% rexistrado de media no Estado.

A nivel provincial, o número de empresas que amplían capital tan só descende en A

Coruña, con 104 ampliacións menos que no ano anterior, rexistrándose 34 ampliacións máis en Pontevedra, 10 en Ourense e 4 máis en Lugo. Por contra, o importe do capital ampliado descende nas catro provincias, correspondendo a caída máis acusada a A Coruña.

No que respecta á desaparición de sociedades, no conxunto do ano 2014 o número de empresas que se disolveron en Galicia descendeu por primeira vez dende que comezou a crise económica. Tras unha caída do 21,1%, máis de nove puntos superior á media española, o número de sociedades mercantís disoltas foi de 1.528, 409 sociedades menos que en 2013, o que representa o 7% das empresas disoltas en España (7,8% no ano anterior). A diferenza



do acontecido nos últimos catro anos, as catro provincias presentan unha redución do número de sociedades disoltas, sendo superior ao 20% en todas as provincias galegas agás Lugo, cun descenso do 17,4% en relación ao ano 2013.

En termos relativos, o número de sociedades mercantís disoltas en Galicia por cada cen constituídas (índice de rotación) descende de xeito significativo por primeira vez dende o ano 2009. En 2014 disolvéronse un total de 35,8 empresas por cada cen sociedades constituídas, situándose este índice case dez puntos por baixo do rexistrado no ano anterior, aínda que moi por riba da media española, que foi de 23,2 empresas disoltas por cada cen constituídas. Como reflicte o **cadro 3.1.7.**, este indicador mantense por riba da media española ao longo de toda a serie considerada.

Todas as provincias galegas presentan esta tendencia descendente, sendo a máis acusada a experimentada na provincia de Pontevedra. Ao igual que acontece dende o ano 2009, as catro provincias presentan un índice de rotación superior á media española, acadando en Lugo un total de 39,3 sociedades disoltas por cada cen constituídas, fronte ás 35,9 de A Coruña e as 35,5 e 32,8 sociedades en Pontevedra e Ourense, respectivamente.

No que atinxe ao número de empresas en concurso de acredores, entendidas como debedoras concursais que exercen unha actividade empresarial, para distinguilas das persoas físicas concursadas que non exercen actividade empresarial (25 en Galicia en 2014, cinco máis que no ano anterior) no último ano ráchase a tendencia crecente iniciada en 2004, ano en que entrou en vigor a L.O. 8/2003, para a reforma concursal e a da Lei 22/2003, concursal. O número total de empresas concursadas en Galicia en 2014 descendeu ata as 435, un 18,2% menos que no ano 2013, situándose esta

porcentaxe no -30,1% de media no conxunto do Estado. O 81,1% desas empresas concursadas en Galicia son sociedades de responsabilidade limitada (353 empresas), seguidas a moita distancia polas sociedades anónimas, con 53 empresas (12,2%) (**cadro 3.1.8.**).

O sector primario volve a experimentar no último ano unha medra do número de empresas concursadas (oito máis que en 2013), situándose como o único sector onde medra. Por contra, ao igual que en 2013 o sector industrial e enerxético considerado no seu conxunto rexistra un descenso do número de empresas concursadas, con 38 empresas menos. O maior descenso corresponde ao sector da construción, con 61 empresas menos. Atendendo á súa desagregación segundo a rama de actividade económica exercida, o comercio por xunto, con 74 empresas concursadas 819 menos que en 2013), a construción de edificios e promoción inmobiliaria, con 73 (46 menos) e o resto da construción, con 40 (15 menos), son as que presentan un maior número de empresas concursadas.

No que respecta ao tamaño das empresas concursadas segundo o número de asalariados, unha de cada catro empresas tiñan un ou dous traballadores (109 empresas), en tanto que o 18,4% (80 empresas) tiñan entre tres e cinco asalariados. Asemade, cómpre mencionar que o número de empresas en concurso de máis de 50 traballadores ascende a 26, o 6% do total en Galicia.

Tomando como referencia a explotación estatística que elabora o INE do Directorio Central de Empresas (Dirce), o **cadro 3.1.10.** mostra as empresas existentes en Galicia a comezos do ano 2014. Esta estatística considera como empresas as organizacións sometidas a unha autoridade rectora, que pode ser, segundo os casos, unha persoa física, unha persoa xurídica ou unha combinación de ambas, e constituída






Empresas concursadas en Galicia e España 2013-14: distribución segundo actividade económica principal ⁽¹⁾

	Galicia		España	
	2013	2014	2013	2014
Total	532	435	9.143	6.392
Agricultura e pesca	4	12	83	70
Industria e enerxía	115	77	1.575	
Bens intermedios	50	24	623	349
Bens de capital	33	30	385	246
Bens de consumo	9	7	141	86
Bens de consumo non duradeiro	18	15	379	263
Enerxía	5	1	47	60
Construcción	174	113	2.430	
Edificios e promoción inmobiliaria	119	73	1.591	1.010
Resto	55	40	839	483
Servizos			1.687	
Comercio maiorista	93	74	1.449	1.110
Comercio polo miúdo e vehículos	18	5	238	160
Transporte e almacenamento	19	24	316	245
Hostelería	11	14	400	371
Información e comunicacións	6	8	217	191
Inmobiliarias, financeiras e seguros	8	8	373	260
Actividades profesionais e técnicas	27	28	573	403
Actividades administrativas e serviz.aux.	15	14	455	272
Resto de servizos	18	24	360	357
Sen clasificar	24	34	674	456

(1) actividade económica principal segundo a CNAE-09; os datos 2014 son provisionais
 Fonte: INE, *Estadística del Procedimiento Concursal*

3.1.8.

Empresas concursadas 2007-14



Fonte: INE, *Estadística del Procedimiento Concursal*

3.1.9.



Empresas en Galicia e España 2014 ⁽¹⁾: distribución segundo grandes ramas de actividade

	2014			14 / 08		14 / 13		Índice de especialización
	Galicia	España	Galicia / España (%)	Galicia	España	Galicia	España	(2)
Total	191.745	3.119.310	6,1	-11.629	-302.929	-1.253	-27.260	1,00
Industria e enerxía	12.676	200.835	6,3	-2.677	-45.616	-363	-5.750	1,03
Industria extractiva	310	2.481	12,5	-97	-493	-18	-86	2,03
Industria manufacturera	11.637	176.726	6,6	-2.671	-52.496	-329	-5.453	1,07
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	473	14.826	3,2	99	6.138	-10	-268	0,52
Fornecemento de auga, activ. saneamento, xestión de residuos e descontaminación	256	6.802	3,8	-8	1.235	-6	57	0,61
Construción	29.475	408.089	7,2	-8.232	-214.007	-615	-17.504	1,17
Servizos	149.594	2.510.386	6,0	-720	-43.306	-275	-4.006	0,97
Comercio por xunto e ao retalto; reparación de vehículos de motor e motocicletas	49.542	758.483	6,5	-4.448	-62.592	-563	-6.896	1,06
Transporte e almacenamento	12.054	196.828	6,1	-2.073	-42.498	-222	-9.295	1,00
Hostalería	19.856	276.674	7,2	-1.581	-12.544	-591	-5.838	1,17
Información e comunicacións	2.023	56.100	3,6	293	7.282	20	927	0,59
Actividades financeiras e de seguros	4.752	69.674	6,8	246	2.561	-87	-2.681	1,11
Actividades inmobiliarias	5.099	137.245	3,7	1.594	19.618	493	8.243	0,60
Actividades profesionais, científicas e técnicas	18.824	358.224	5,3	-1.486	-47.017	-1.033	-14.662	0,85
Actividades administrativas e servizos auxiliares	8.479	173.439	4,9	2.601	36.372	480	10.018	0,80
Educación	5.372	84.917	6,3	1.289	16.347	427	5.809	1,03
Actividades sanitarias e de servizos sociais	6.977	142.136	4,9	641	17.694	-93	-2.636	0,80
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	4.702	78.187	6,0	804	7.636	177	2.634	0,98
Outros servizos	11.914	178.479	6,7	1.400	13.835	717	10.371	1,09

(1) datos a 1 de xaneiro

(2) o índice de especialización calcúlase dividindo o peso de cada sector no conxunto da economía rexional entre o peso do mesmo sector nunha economía ou espazo de referencia (neste caso, España); se é maior que 1 indica que a rexión está (relativamente) especializada nese sector concreto e se é menor que 1 estaría "desespecializada".

Fonte: INE

3.1.10.

para exercer, en un ou varios lugares, unha ou varias actividades de produción de bens e servizos, así como tamén están incluídas no concepto empresas as unidades locais que se corresponden cunha empresa, ou parte da mesma, situada nunha localización xeográfica concreta, dende a que exerce actividades económicas por conta da mesma empresa. O número de empresas existentes en Galicia continúa descendendo dende que comezou a crise, situándose a un de xaneiro de 2014 nas 191.745 empresas (1.253 menos que no ano anterior), mantendo o seu peso relativo no total estatal no 6,1%. Neste último ano, tanto en Galicia como en España, os tres grandes sectores considerados presentan un descenso do número de empresas.

O 78% das empresas existentes pertencen ao sector servizos, onde salientan, por número de empresas, as actividades de "Co-

mercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas", con 49.594 empresas, seguidas das actividades de "Hostalería", con case 20.000 empresas, e as "Actividades profesionais, científicas e técnicas", con 18.824. O sector da construción acolle a 29.475 empresas e a industria e enerxía, a 12.676.

A distribución das empresas polo seu número de asalariados (**cadro 3.1.11.**) reflicte o reducido tamaño das mesmas, de xeito que o 51,6% das empresas rexistradas polo Dirce non teñen asalariados, dous puntos menos que o total estatal, e case o 45% teñen menos de 10, 2,6 puntos porcentuais por riba do rexistrado en España). Só un 3,6% das empresas galegas teñen 10 ou máis asalariados, sendo esta porcentaxe do 4,2% no conxunto do Estado.

Para caracterizar a estrutura produtiva de





Empresas en Galicia e España 2014 ⁽¹⁾: distribución segundo número de asalariados

	Galicia					España
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra		
Total empresas	191.745	79.854	23.703	22.663	65.525	3.119.310
sen asalariados	98.870	42.611	11.926	11.832	32.501	1.672.483
de 1 a 2 asalariados	61.477	24.543	7.816	7.408	21.710	921.000
de 3 a 5 asalariados	17.978	7.162	2.405	2.053	6.358	284.612
de 6 a 9 asalariados	6.496	2.555	838	696	2.407	110.819
de 10 a 19 asalariados	3.787	1.588	439	374	1.386	70.226
de 20 a 49 asalariados	2.105	899	201	207	798	38.157
de 50 a 99 asalariados	588	253	49	60	226	11.223
de 100 a 199 asalariados	242	128	18	18	78	5.753
de 200 a 499 asalariados	137	71	8	10	48	3.346
de 500 a 999 asalariados	28	20	2	1	5	942
de 1.000 a 4.999 asalariados	32	20	1	4	7	646
de 5.000 ou máis asalariados	5	4	-	-	1	103

(1) datos a 1 de xaneiro

Fonte: INE

3.1.11.

Empresas en Galicia e España 2014 ⁽¹⁾: principais ramas de actividade segundo o seu índice de especialización relativa

	Galicia	España	Galicia / España	Índice especialización
			(%)	Galicia
Total	191.745	3.119.310	6,1	1,00
1 Fabricación de otro material de transporte	128	776	16,5	2,68
2 Otras industrias extractivas	297	2.249	13,2	2,15
3 Extracción de minerales metálicos	7	64	10,9	1,78
4 Confección de prendas de vestir	867	8.647	10,0	1,63
5 Industria de la madera y del corcho, excepto muebles; cestería y espartería	1.085	11.095	9,8	1,59
6 Fabricación de bebidas	490	5.041	9,7	1,58
7 Actividades postales y de correos	649	7.051	9,2	1,50
8 Coquerías y refino de petróleo	2	22	9,1	1,48
9 Fabricación de otros productos minerales no metálicos	837	9.327	9,0	1,46
10 Actividades de descontaminación y otros servicios de gestión de residuos	25	289	8,7	1,41
11 Actividades veterinarias	769	8.929	8,6	1,40
12 Industria de la alimentación	1.801	23.302	7,7	1,26
13 Industria textil	443	6.039	7,3	1,19
14 Servicios de comidas y bebidas	18.469	253.074	7,3	1,19
15 Construcción de edificios	16.465	226.464	7,3	1,18
16 Actividades de construcción especializada	12.124	166.873	7,3	1,18
17 Transporte marítimo y por vías navegables interiores	37	512	7,2	1,18
18 Venta y reparación de vehículos de motor y motocicletas	4.936	69.728	7,1	1,15
19 Reparación de ordenadores, efectos personales y artículos de uso doméstico	1.972	28.115	7,0	1,14
20 Actividades auxiliares a los servicios financieros y a los seguros	4.641	66.370	7,0	1,14
21 Otros servicios personales	7.232	105.781	6,8	1,11
22 Fabricación de muebles	904	13.302	6,8	1,11
23 Actividades de juegos de azar y apuestas	921	13.860	6,6	1,08
24 Reparación e instalación de maquinaria y equipo	710	10.701	6,6	1,08
25 Actividades de servicios sociales sin alojamiento	343	5.217	6,6	1,07

(1) datos a 1 de xaneiro

Fonte: INE, Dirección central de empresas

3.1.12.

Galicia en relación á media estatal podemos tomar como referencia o índice de especialización (IER), que mostra a participación dun determinado sector ou actividade en Galicia con relación á participación desta actividade no total estatal. Neste senso, tomando como referencia o número de empresas, as ramas de actividade cun ín-

dice de especialización relativa maior se-
guen sendo, **cadro 3.1.12.**, as de "Fabricación doutro material de transporte", e "Outras industrias extractivas", que presentan un índice de especialización superior a 2 (2,68 e 2,15, respectivamente).

Finalmente, destacar que, segundo datos do



Global Entrepreneurship Monitor 2014, a taxa de actividade emprendedora en España para o ano 2014 aumenta con respecto ao ano anterior e se sitúa no 5,5%, sendo Galicia unha das CC.AA. con menor porcentaxe, xunto con Asturias, Melilla, País Vasco e Navarra (por debaixo do 4%).

Empresas de economía social

Por economía social enténdese aquel conxunto das actividades económicas e empresariais, que no ámbito privado levan a cabo aquelas entidades que, de conformidade cos principios recollidos na Lei 5/2011, de 29 de marzo, perseguen ben o interese colectivo dos seus integrantes, ben o interese xeral económico ou social, ou ambos. Engloba, entre outras, ás cooperativas, mutualidades, fundacións e asociacións que levan a cabo actividade económica, sociedades laborais, empresas de inserción, centros especiais de emprego, confrarías de pescadores, sociedades agrarias de transformación e as entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos principios establecidos na devandita lei.

Ao longo do último ano rexístrase un descenso do número de cooperativas activas ou en funcionamento, se ben os seus socios iniciais aumentan de xeito importante en relación ao ano anterior. A 31 de decembro de 2014, o número de sociedades situouse nas 896 (32 menos que na mesma data do ano precedente) e o de socios iniciais, en 9.006 (708 persoas máis que en 2013).

A nivel estatal, continúa a elevada concentración das sociedades cooperativas en Cataluña e Andalucía, que en conxunto agrupan o 39,5% das cooperativas españolas e o 32% dos traballadores. Por volume de traballadores, cabe salientar o caso do País Vasco, onde con só o 7,6% das cooperativas existentes no conxunto do Estado, acolle case o 19% do total de traballadores deste tipo de sociedades, sendo a Comuni-

dade Autónoma con maior número de socios.

En relación ao conxunto do Estado, Galicia acolle o 4,4% das sociedades cooperativas e o 3,1% dos traballadores neste tipo de empresas.

Ao longo do ano 2014 constituíronse en Galicia un total de 69 sociedades cooperativas, cun total de 501 socios iniciais, o que representou o 5,3% do total de cooperativas constituídas en España e o 7,9% dos socios. A diferenza do ano anterior, aumenta o número de cooperativas constituídas (9) e o número de cooperativistas das mesmas (84).

O maior número de cooperativas inscritas pertence á categoría de traballo asociado, con 59 sociedades, por diante das seis cooperativas agrarias, que rexistran 143 socios iniciais. No ámbito das cooperativas de traballo asociado constituídas en Galicia no último ano, 41 pertencen ao sector servizos, 8 á industria, 7 ao sector primario e 3 ao sector da construción.

No ano 2014 mantense a tendencia de anos anteriores, descendendo o número de sociedades laborais en España un 4,4% (494 sociedades menos) e un 5,8% en Galicia (36 menos). A 31 de decembro deste ano, das 10.828 sociedades (SA e SL) do conxunto do Estado, 582 estaban rexistradas en Galicia, o que representa o 5,4% do total estatal. No eido do emprego, as sociedades laborais galegas tiñan 2.722 socios iniciais, o que representa o 4,3% dos socios no conxunto do Estado (63.536 socios iniciais) (**cadro 3.1.13.**).

No ano 2014 volve a reducirse o número de sociedades laborais rexistradas e o número de socios iniciais. Nese ano rexistráronse en Galicia un total de 42 sociedades laborais (45 en 2013), que agruparon a 146 socios (76 menos). Do mesmo xeito que acontece





Sociedades cooperativas e laborais existentes en Galicia e España 2013-14 ⁽¹⁾

	2013			2014		
	Galicia	España	Galicia / España (%)	Galicia	España	Galicia / España (%)
Sociedades cooperativas						
Sociedades	928	21.412	4,3	896	20.258	4,4
Traballadores (2)	8.298	286.771	2,9	9.006	292.394	3,1
Sociedades laborais						
Sociedades	618	11.322	5,5	582	10.828	5,4
Traballadores	2.861	63.472	4,5	2.722	63.536	4,3

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

(2) o número de traballadores refírese aos centros de cotización

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 3.1.13.

Sociedades laborais rexistradas en Galicia e España 2013-14: distribución sectorial

	Galicia				España			
	2013		2014		2013		2014	
	sociedades	socios	sociedades	socios	sociedades	socios	sociedades	socios
Total	45	222	42	146	892	3.444	770	2.858
Agrario	2	6	1	3	10	62	12	41
Non agrario	43	216	41	143	882	3.382	758	2.817
Industria	12	71	12	47	163	682	128	522
Construción	3	10	4	15	85	317	78	299
Servizos	28	135	25	81	634	2.383	552	1.996

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 3.1.14.

en Galicia, no conxunto do Estado descende tanto o número de sociedades laborais como o de socios das mesmas, acollendo Galicia o 5,5% do total estatal de sociedades laborais rexistradas e o 5,1% dos socios iniciais destas sociedades.

O sector servizos acolle case o 60% das sociedades laborais rexistradas en Galicia (25 sociedades) e o 55,5% dos socios (81 socios iniciais). No ano 2014, rexístrase unha sociedade laboral agraria menos e tres sociedades menos no sector servizos. Tan só medran na construción e mantense estable o número de sociedades laborais no sector industrial.

Finalmente, no concernente ás características dos traballadores da economía social en situación de alta laboral na Seguridade Social, **cadro 3.1.15.**, 58 de cada 100 persoas que traballan en Galicia nestas sociedades son homes; o 42% teñen unha idade com-

prendida entre 40 e 54 anos, e case un 39%, entre 25 e 39 anos; e 82% de cada 100 traballadores realiza a súa actividade a tempo completo.

Asemade, pódese destacar que máis da metade dos traballadores da economía social en Galicia (45,7%) –excluídos os autónomos– mantén unha relación superior a cinco anos (32,1% de media no conxunto do Estado) e que un 14,8% dos traballadores mantén unha relación inferior a seis meses (34,4% de media estatal).

O tamaño das sociedades de economía social galegas é reducido, de xeito que no 37,6% das sociedades traballan menos de 10 persoas (esta porcentaxe ascende ao 42,6% na provincia de A Coruña), e no 24,2% das mesmas hai máis de cen traballadores (44,2% en Ourense).

O 53,2% do emprego total da economía so-



Traballadores da economía social en Galicia e España 2014 ⁽¹⁾: principais características

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España
	(%)					
sexo						
varóns	58,1	56,3	58,2	59,3	58,9	54,5
mulleres	41,9	43,7	41,8	40,7	41,1	45,5
idade						
menores de 25 anos	3,4	3,1	4,8	3,0	3,2	4,9
de 25 a 39 anos	38,9	37,7	45,3	35,4	39,1	39,9
de 40 a 54 anos	42,0	41,8	38,8	44,5	42,1	42,1
de 55 anos ou máis	15,7	17,5	11,1	17,1	15,6	13,1
nacionalidade						
española	97,2	98,6	95,3	97,1	97,1	91,6
estranxeira	2,8	1,4	4,7	2,9	2,9	8,4
tipo de relación						
indefinida	81,4	79,6	86,8	83,1	79,0	76,5
temporal	18,6	20,4	13,2	16,9	21,0	23,5
tipo de xornada						
tempo completo	82,1	78,3	87,1	87,9	78,9	80,2
tempo parcial	17,9	21,7	12,9	12,1	21,1	19,8
antigüidade no negocio						
ata 6 meses	14,8	16,3	11,9	11,4	16,7	34,4
de 6 meses a 1 ano	8,9	9,7	11,5	6,8	8,2	6,8
de 1 a 3 anos	21,8	21,8	22,9	14,5	25,9	18,4
de 3 a 5 anos	8,7	10,0	7,7	10,2	6,9	8,4
máis de 5 anos	45,7	42,2	46,0	57,1	42,4	32,1
tamaño da sociedade						
0-5 traballadores	22,2	24,2	26,0	17,8	21,1	
6-10 traballadores	15,4	18,4	12,9	9,4	17,1	
11-25 traballadores	15,3	21,8	14,8	10,5	11,8	
26-50 traballadores	13,2	11,7	4,7	10,5	20,2	
51-100 traballadores	9,7	9,7	10,4	7,5	10,8	
101-250 traballadores	10,0	8,3	17,2	2,7	12,8	
máis de 250 traballadores	14,2	6,0	14,1	41,5	6,1	
sector de actividade						
agricultura	7,8	5,7	11,7	16,7	0,9	
industria	31,9	22,9	34,4	39,3	33,9	
construción	7,1	6,2	5,0	9,5	7,4	
servizos	53,2	65,2	48,9	34,4	57,7	

(1) traballadores en situación de alta na Seguridade Social a 31 de decembro
Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 3.1.15.

cial corresponde ao sector servizos, seguido da industria, con case 32 de cada 100 traballadores, da construción, co 7,8%, e da agricultura, co 7,1%. □

